

SERVIZO DE
EDUCACION

CONCELLERÍA
DE
EDUCACIÓN E XUVENTUDE

CONCELLO
DE VIGO



| | |
|---------------------------|--|
| EXPEDIENTE: 69-142 | ASUNTO: XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS |
| | SOLICITANTE: DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA |

INFORME:

En resposta á solicitude sobre xustificación da condición de subvención nominativa achégase a seguinte información:

- Nome e CIF: Federación Olívica de ANPA (F.O.A.N.P.A.) CIF: G-36743946
- Beneficiario: FOANPA, que é a Federación das ANPAS dos centros públicos de ensino de Vigo.
- Contía: 606.039,31 €
- Xustificación do seu carácter nominativo:

O convenio coa Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca xustifícase nas competencias que ten o Concello de Vigo para a realización das actividades ás que se refire o mesmo para mellorar e complementar servizos escolares, culturais e deportivos, tales como a prestación do servizo de comedor como necesidade vital de primeiro orde nun intre no que motivado pola crise económica moitas familias se empobrecen e onde tamén se promove unha alimentación sana e equilibrada e a adquisición duns hábitos nutricionais saudábeis; e por outra banda tamén para a realización de actividades extraescolares de distintas disciplinas formativas fóra do horario lectivo e no tempo libre dos escolares nas que se promoven o exercicio físico e a práctica regular de actividade deportiva, así como en xeral a mellora da formación cultural dos escolares e das familias no seu conxunto.

Con esta subvención financianse 52 Anpas que prestan servizo en 25 comedores escolares para 2.170 comensais; Aulas Matinais que atenden a 800 escolares e 450 actividades extraescolares nas que participan uns 8.900 alumnos.

A Xefa do Servizo de Educación (sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/11/2020 10:45

Páxina 1 de 1

Expediente 69/142

CSV: 27EC8B-41E15E-B6D3BF-R5HADV-WP3LJC-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>